



[Acceso Cuestionario](#)


ANÁLISE DOS DATOS DO CUESTIONARIO SOBRE INCLUSIÓN E IGUALDADE




A enquisa reflicte un baixo compromiso por parte das familias e mesmo do alumnado na recollida de información respecto á Inclusión e Igualdade na comunidade de ensino e aprendizaxe. As canles de comunicación deberían ser revisadas. O colectivo do profesorado con 39 respostas achegouse ao 50% de participación.



A pesares de obter datos que valoran por riba da media o sentimento de acollida, mais dun 16 % do alumnado non se sente ben acollido. O centro debe tentar buscar medidas para favorecer a incorporación á dinámica do instituto.




Os datos referidos a axuda entre o colectivo do alumnado suxestionan unha falla de traballo colaborativo e amosa un 16% cunha percepción de “desamparo” entre iguais. O modelo baseado en competitividade académica adoita fomentar o esforzo individual fronte á cooperación entre iguais.




No único ítem de coñecemento observase a falla de incorporación do concepto “PDF” (persoas con diversidade funcional) no ámbito do ensino. Resulta unha tarefa pendente a modificación do vocabulario excluínte e unha reflexión sobre a normalización da diversidade.



O 20 % dos resultados atópanse por debaixo da media, unicamente un 28% das respostas reflicten a percepción da implicación do centro por minimizar a discriminación. Este feito pode explicar situacións de rexeitamento e mesmo de acoso encuberto entre o grupo de iguais.




Unicamente o 10% das respostas amosan unha homoxeneidade na filosofía de inclusividade dos colectivos que conforman a comunidade educativa, fronte a un 25% que a puntuán por debaixo da media. Infírese a necesidade dunha planificación conxunta para artellar instrumentos que resulten aceptados pola comunidade.




Os resultados mostran unha tendencia á estandarización das avaliacións que despersonalizan o proceso de ensino desatendendo as circunstancias persoais do alumnado, os altos porcentaxes das puntuacións medias son significativos respecto a “dúbida” implícita dunha valoración xusta que teña en conta as situacións persoais e sociofamiliares do alumnado.




O 27% das respostas amosan a falla de expectativas no alumnado, unicamente o 6% percibe que existe unha alta motivación de logro. Estes resultados son claves para o desenvolvemento eficaz dos procesos de aprendizaxe xa que a implicación na dinámica educativa do alumnado correlaciona de xeito directo coa consecución dos obxectivos.



O 24% das respostas indican un déficit no proceso de acollida do persoal de nova incorporación, é especialmente significativo o 6% que perciben unha ausencia absoluta de aceptación por parte do centro. Os datos suxestionan a necesidade de elaborar un protocolo para favorecer a socialización do persoal de nova incorporación.



As puntuacións atópanse dentro da media pese a que un 25% considera que non confrontan con un modelo inclusivo, un feito paradóxico atendendo ao modelo de atención ao “annee” con dúas PT no centro que organizan a súa intervención exclusivamente fóra da aula ordinaria. É necesario cuestionar ideas estereotipadas sobre o apoio, que tende a encorsetar a súa acción nun marco de traballo continuista, asistencial e “tapando buracos” creados pola mesma institución, confirmando a bondade do sistema no seu conxunto. Os mesmos profesionais do apoio son vítimas da súa propia historia persoal e formativa. Parece necesario un replantexamento e revisión de todo o proceso cara a mellora educativa.



Novamente xurde unha resposta de insatisfacción respecto á planificación dos procesos de aprendizaxe do alumnado cun 33% de rexeitamento e un 30% no punto medio da enquisa. No marco do noso centro educativo parece necesaria unha sensibilización respecto a singularidade das aprendizaxes, infírese unha demanda implícita para dar resposta as necesidades individuais do alumnado, a pesares de que a comunidade educativa é consciente da inoperancia do sistema a tendencia é a perpetuar o modelo.

OBSERVACIÓNS

- A enquisa non separa en “clusters” as respostas, o que resultaría significativo respecto a os dous colectivos maioritarios que respostaron, alumnado e profesorado. Sería convinte abordar noutro estudo as diferencias que existen na percepción da inclusión en ambos subsistemas
- Significar a escasa participación das familias, o que amosa un distanciamento na participación no ensino, cando menos, preocupante.
- A poboación diana da enquisa roldaría 1700 persoas, polo que non se trata dun análise estatístico fiable polo que o tratamento é unicamente de carácter orientativo, un exercio de prospección da “realidade” educativa no centro.
- Respecto á normalización do termo “PDF”, un dos obxectivos do programa Aulas I + I, faise necesario un replantexamento proactivo para unha modificación semántica da “discapacidade” que redunde nunha reconceptualización sistémica dentro de toda a comunidade educativa.
- Parece necesario un cambio na orientación do “apoio”, mudando o traballo individualizado co alumnado identificado con necesidades educativas especiais, cara un apoio ás situación e procesos concretos que se realizan no centro de ensino, vencellados á elaboración do Proxecto de Centro, ao profesorado de nova incorporación, aos contidos transversais e mais ás innovacións específicas. Un apoio global cara á mellora e o desenvolvemento da comunidade educativa mais que ao adicado ás partes específicas, refírome á coordinación e avaliación institucional, á incorporación de novas tecnoloxías facilitadoras da comunicación entre os colectivos e a procura dunha mellor integración no noso entorno.
- A percepción de anquilosamento resulta demoledora, os novos conceptos de liderazgo no ensino colisionan cunha concepción rancia, corporativista, reaccionaria e democráticamente inadmisíble do noso centro, que ven a representar un modelo conservador, arcaico e insensible que precisa un “xiro coperniquiano” inmediato.